



### CONCELLOS

#### O CORGO

##### Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 3/2026, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de cento setenta e cinco mil setecentos vinte e sete euros con trinta e catro céntimos (175.727,34 €), segundo de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o quince de maio de dous mil vinte e seis, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de persoal .....	1.863.763,51.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos .....	1.612.932,41.-
3.- Gastos financeiros .....	3.600,00.-
4.- Transferencias correntes .....	102.400,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos .....	0,00.-
6.- Investimentos reais .....	931.237,27.-
7.- Transferencias de capital .....	3.000,00.-
8.- Activos financeiros .....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros .....	0,00.-
SUMA TOTAL .....	4.516.933,19.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 15 de xuño de 2026.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1640

### FOZ

##### Anuncio

**APROBACIÓN E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO PADRÓN-MATRÍCULA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS BANCARIOS, E CON ACCESO DIRECTO DESDE A VÍA PÚBLICA**

Por Decreto desta Alcaldía de data 2 de xuño de 2026, foi aprobado o anterior **Padrón-Matrícula** para a **anualidade 2026**, por importe de **//2.598,75 €//**.

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en vía voluntaria é o comprendido entre o 7 de **agosto** de 2026 ao 7 de **outubro** de 2026.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral da recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Foz, 3 de xuño de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1641

## AS NOGAIS

### Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 6/2026 baixo a modalidade de transferencia de crédito pertencente a distinta área de gasto TC 2/2026

Quedando definitivamente aprobado o expediente 111/2026, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de As Nogais mediante acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 10 de abril de 2026, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público; en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a entrada en vigor da modificación de crédito 6/2026 baixo a modalidade de transferencia de crédito pertencente a distinta área de gasto 2/2026, nos seguintes termos:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		DESCRICIÓN	Euros
Programa	Económica		
151	227	Urbanismo: planeamento, xestión e execución. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	24.684

Baixas en aplicacións de gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DESCRICIÓN	Euros
Programa	Económica		
920	120.00	Administración xeral. Retribucións básicas. Salario do Grupo A1	6.555,31
920	121.00	Administración xeral. Retribucións complementarias. Complemento de destino	3.187,98
920	121.01	Administración xeral. Retribucións complementarias. Complemento específico	8.019,63
920	160.00	Administración xeral. Seguridade Social	6.921,08
IMPORTE TOTAL			24.684

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

As Nogais, 16 de xuño de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1642

## A RIBEIRA DE PIQUÍN

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 9 de xuño de 2026, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 1º TRIMESTRE DE 2026**.

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA.**

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 1 de xullo de 2026 ó día 31 de agosto de 2026, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

**CANON DA AUGA:** A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

A Ribeira de Piquín, 15 de xuño de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 1643

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - MONFORTE DE LEMOS

#### *Anuncio*

CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES CULTURALES, LÚDICAS, RECREATIVAS O FORMATIVAS INSCRITAS EN EL REGISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES PARA ACTIVIDADES REALIZADAS EN EL EJERCICIO 2026.

BDNS (Identif.): 913503

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/913503>)

#### **Primero. Beneficiarios.**

Podrán solicitar las subvenciones reguladas en la presente convocatoria las asociaciones legalmente constituidas que desarrollen actividades de interés general para el municipio, ya sean de carácter cultural, vecinal, popular, profesional, lúdico o recreativo, que teniendo domicilio social, sede o representación en el Concello de Monforte de Lemos cumplan, además de los señalados en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y en el art. 10 de la Ley 9/2007, del 13 de junio, de Subvenciones de Galicia y las condiciones reguladas en las bases.

#### **Segundo. Objeto**

Las presentes bases tienen por objeto regular el procedimiento para la concesión de subvenciones bajo un régimen de concurrencia competitiva para llevar a cabo programas, proyectos o actividades culturales, recreativas o educativas de acuerdo con los principios de publicidad, transparencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

En particular, el objetivo de las subvenciones será contribuir al financiamiento de programas, proyectos o actividades culturales llevadas a cabo por Entidades y Asociaciones sin ánimo de lucro en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos en el año 2026.

---

No serán subvencionables los costos de renovación y reforma de locales, vestimenta, actividades con fines de lucro o cualquier otro gasto no relacionado con el proyecto presentado. Asimismo, quedan excluidas de esta convocatoria las subvenciones para fiestas patronales, actividades deportivas, comidas y eventos religiosos.

**Tercero. Bases reguladoras.**

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: [www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es) en la sección de SUBVENCIONES. Los interesados deberán presentar solicitud de acuerdo con los modelos normalizados.

**Cuarto. Cuantía.**

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 15.000,00 €.

**Quinto. Plazo de presentación de las solicitudes.**

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto durante 15 días hábiles.

La instancia con la restante documentación solicitando la subvención, se presentará electrónicamente según el artículo 14.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en cualquiera de las formas previstas en el artículo 16.4 de la misma Ley.

Monforte de Lemos, 15 de junio de 2026.- El alcalde, José Tomé Roca.

R. 1645

---